



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 1 de febreiro do 2024, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Jacobo Molina Saenz, Xefe do Servizo de Política Fiscal e Económica..
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Público asistente:**
 - D^a Teresa Guerra Fernández, D^a Lorena González Corral e D. Ignacio Crespo López, todos eles para a licitación nº 2023/CONTRAT/00000180

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Orde do Día

1.- 2023/CONTRAT/000144: CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS, DE SERVIZO DE LIMPEZA E DE SERVIZO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO LOCAL SITO NO PARQUE DAS TRECE ROSAS

Acto público de:

- Valoración, se procede, dos sobres nº 3
- Proposta de adxudicación, se procede.

2.- 2023/CONTRAT/000180: NOVO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E COMIDA SOBRE RODAS 2024-2026

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

3.- 2023/CONTRAT/000181: SERVIZO DE TRANSPORTE POR ESTRADA DE MATERIAIS MUSICAIS MUNICIPAIS E ALUGUEIRO DE PIANO DE MEDIA COLA

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.





1.- 2023/CONTRAT/000144: CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS, DE SERVIZO DE LIMPEZA E DE SERVIZO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO LOCAL SITO NO PARQUE DAS TRECE ROSAS

Na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 25 de outubro de 2023, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto con multiplicidade de criterios de avaliación, do contrato mixto denominado “Contrato mixto de concesión de servizos, servizo de limpeza e de información turística do local sito no Parque das 13 Rosas”.

O importe de licitación, para un prazo de execución de dez anos, é de 154.520,80 € ao que se lle suma un 21% de IVE (32.449,37 €), o que supón un importe de 186.970,17 € IVE engadido. O valor estimado ascende a 154.520,80 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 27 de outubro do 2023.

Rematado o día 22 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
EQUISCONCEPT, S.L.	B13921945	22-11-2023 15:52
JACOBO ASTRAY TUDELA	46902524G	22-11-2023 14:01

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 23 de novembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e detectou os seguintes defectos na documentación presentada polas empresas que se citan:

- EQUISCONCEPT SL. (B13921945): Presenta o documento DEUC incompleto. Deberán de presentar as partes III e IV de dito documento debidamente cumprimentadas, de acordo ao establecido na cláusula 3.1.4, apartado b) do PCAP.
- D. JACOBO ASTRAY TUDELA (46902524G): Non presenta o documento DEUC, tal como establece a cláusula 3.1.4, apartado b) do PCAP. Deberá presentalo debidamente cumprimentado.

A Mesa de Contratación admíteas provisionalmente e concédelles a estes licitadores un prazo de catro días hábiles para a emenda destes defectos.

Dentro do prazo concedido, tanto “Equisconcept, S.L.” como D. Jacobo Astray Tudela presentan a documentación que consideran oportuna para a emenda dos defectos detectados no sobre nº 1.





A Mesa de Contratación reunida o día 30 de novembro do 2023 comprobou a documentación presentada por "Equisconcept, S.L." e por D. Jacobo Astray Tudela, considerando ámbas correctas, polo que, por unanimidade dos asistentes, acordou admitir definitivamente a "EQUISCONCEPT, S.L. e a D. JACOBO ASTRAY TUDELA a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura do sobre nº 2 denominado "Proposta suxeita a avaliación previa". Así, resulta que as empresas admitidas presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación (subxectivos) reflectidos no Anexo IX do PCAP, que consiste nun proxecto de explotación. A Mesa acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe do Comité de Expertos designado no anexo IX do PCAP para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo IX (criterios subxectivos).

A Mesa de Contratación reunida o pasado día 25 de xaneiro do 2024 procedeu a tomar coñecemento do informe emitido polo Comité de Expertos o día 23 de xaneiro do 2024.

Do informe emitido extraéronse as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

Licitador	Puntuación criterios subxectivos
EQUISCONCEPT S.L.	25 puntos
JACOBO ASTRAY TUDELA	46 puntos

A continuación, a Mesa procedeu á apertura dos sobres nº 3 correspondente á documentación acreditativa dos criterios avaliábeis matematicamente (criterios obxectivos) e detectou que a empresa "EQUISCONCEPT, S.L." presenta unha oferta económica sen IVE (renda anual) de 154.520,80 euros.

Así, á vista da oferta económica realizada por "EQUISCONCEPT, S.L.", a Mesa considera oportuno requirirle a empresa unha xustificación da viabilidade da mesma, xa que a renda anual ofertada pola licitadora presenta unha desviación demasiado alta sobre o prezo-tipo de licitación e o estudo de costes realizado para este contrato. Xa que logo, a Mesa concédelle un prazo de catro días hábiles para que xustifique o estudo de costes que soporte a oferta económica realizada.

Transcorrido o prazo concedido, procedería que a Mesa de Contratación emitise ditame sobre a documentación presentada por "EQUISCONCEPT, S.L." e continuase coa avaliación da documentación presentada polas empresas no sobre nº 3.

Así, a Mesa de Contratación, reunida no día de hoxe, comproba que a empresa "EQUISCONCEPT, S.L." non presenta ningunha documentación xustificando a súa oferta. En consecuencia, por unanimidade dos asistentes, acuerda:

PRIMEIRO.- Excluir desta licitación á empresa EQUISCONCEPT, S.L. (B13921945) por non presentar documentación xustificativa da viabilidade da súa oferta.





A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre nº 3, resultando:

CRITERIO		JACOBO ASTRAY TUDELA
Oferta económica sen IVE (RENDA ANUAL)	Importe	15.600 Euros
	Puntos	25,00 / 25,00
MELLORA 1.- Compromiso mobiliario	Si / Non	Si
	Puntos	20,00 / 20,00
MELLORA 2.- Idiomas		Galego e Inglés
	Puntos	4,00 / 5,00
PUNTUACIÓN SOBRE Nº 3		49,00 / 50,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	D. JACOBO ASTRAY TUDELA	46902524G	46,00 / 50,00	49,00 / 50,00	95,00 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo

:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adjudicación do contrato mixto denominado “CONCESIÓN DE SERVICIOS, DE SERVICIO DE LIMPEZA E DE SERVICIO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO LOCAL SITO NO PARQUE DAS TRECE ROSAS” a D. JACOBO ASTRAY TUDELA (46902524G) por un importe anual de 15.600,00 € (18.876,00 €, 21 % IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





2.- 2023/CONTRAT/000180: NOVO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E COMIDA SOBRE RODAS 2024-2026

Pola Xunta de Goberno Local en sesión que tivo lugar o día 22 de decembro do 2023, aprobouse o novo expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, do servizo denominado "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DE COMIDA SOBRE RODAS".

O importe de licitación é de 1.949.821,80 €/ano ao que se lle suma un 10% de IVE no caso de SAF libre concorrencia e comida sobre rodas e un 4% no caso de SAF dependencia (121.289,16 €/ano en total), o que supón un importe de 2.071.110,96 €/ano IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio ao DOUE o día 26 de decembro do 2023 sendo publicado o día 27 de decembro do 2023 e tamén se publicou anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 27 de decembro do 2023.

Rematado o día 25 de xaneiro do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
AZVASE,S.L	B33228396	25-01-2024 15:25:09
CASER RESIDENCIAL S.A.U.	A81228520	25-01-2024 15:33:42
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.	A79022299	25-01-2024 12:14:31
FEPAS	G83273284	25-01-2024 13:40:08
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L.	B70493275	25-01-2024 12:21:48
UTE SAD OLEIROS	B53977013-B15612039	25-01-2024 15:04:10

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa". Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	AZVASE	CASER	EULEN	FEPAS	OSVENTOS	UTE SAD OLEIROS
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre





	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	NON DEUC	Cumpre	Cumpre	NON DEUC	Cumpre	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	NON INSCRIPCIÓN REXISTRO ENTIDADES	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Así, a Mesa comproba que:

- A empresa AZVASE, S.L.. (B33228396) e a empresa FEPAS (G83273284) indican que van a subcontratar unha parte do contrato cunha determinada empresa que identifican, pero non achegan o DEUC da empresa subcontratista; de conformidade co anexo III, apartado "aclaracións", punto 4, do PCAP.
- A empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.. (B70493275) non presenta a declaración de estar inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia a que fai referencia a cláusula 2.2.5.1, apartado e), do PCAP.

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir provisionalmente ás empresas "AZVASE, S.L." (B33228396), "FEPAS" (G83273284) e "OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L." (B70493275); concedéndolles un prazo de 3 días hábiles para que emenden os defectos detectados na documentación presentada.

SEGUNDO.- Admitir ao resto das empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, á expectativa de que estas tres empresas emenden os defectos atopados na documentación administrativa presentada e para darlle a maior celeridade posible ao procedemento, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado "Proposta suxeita a avaliación previa". Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XIII do PCAP; isto é, un proxecto técnico.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

TERCEIRO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe do Comité de Expertos designado no anexo XIII do PCAP, para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XIII.





3.- 2023/CONTRAT/000181: SERVIZO DE TRANSPORTE POR ESTRADA DE MATERIAIS MUSICAIS MUNICIPAIS E ALUGUEIRO DE PIANO DE MEDIA COLA

Por Decreto da Alcaldía nº 2024000154, de 15 de xaneiro do 2024, aprobouse o expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto simplificado sumario, do servizo denominado "SERVIZO DE TRANSPORTE POR ESTRADA DE MATERIAIS MUSICAIS MUNICIPAIS E ALUGUEIRO DUN PIANO DE MEDIA COLA".

O importe de licitación é de 18.899,99 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (3.969,00 €), o que supón un importe de 22.869,00 € IVE engadido.

O importe deste contrato desagrégase nos seguintes lotes:

	Orzamento sen IVE	IVE (21%)	Total
LOTE 1	12.179,97 €	2.557,79 €	14.737,76 €
LOTE 2	6.720,03 €	1.411,21 €	8.131,24 €
TOTAIS	18.899,99 €	3.969,00 €	22.869,00 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de xaneiro do 2024.

Rematado o día 31 de xaneiro do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que non se presentou ningunha.

Xa que logo, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Propór ao órgano de contratación que se declare deserta esta licitación ao non terse presentado licitadores.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación

